

## MDAP (MEDIOS DIXITAIS E APRENDIZAXE PARTICIPATIVA)

<i>Coordinador/a:</i>	<i>Alberto Dafonte Gómez</i>
<i>Participantes:</i>	<i>Juan Manuel Corbacho Valencia</i> <i>Oswaldo García Crespo</i> <i>Silvia García Mirón</i> <i>Luis Javier Martínez Rolán</i> <i>María Isabel Míguez González</i> <i>Jesús Pérez Seoane</i> <i>Diana Ramahí García</i> <i>Emma Torres Romay</i>

### Liñas de actuacións

---

A aprendizaxe participativa como modelo pedagóxico busca implicar ao alumnado coma elemento activo no proceso formativo a través da toma de conciencia da súa responsabilidade nel e da participación directa da persoa nas actividades docentes e proxectos do grupo, establecendo unha colaboración beneficiosa entre pares para o conxunto da comunidade.

As metodoloxías necesarias para desenvolver este tipo de aprendizaxe afástanse da tradicional clase maxistral e da avaliación de coñecementos a través dun exame polo que se fai imprescindible un novo modelo metodolóxico que fomente a reflexión do alumnado sobre o proceso formativo, a toma de conciencia do seu papel activo no ensino e todo un novo mapa de metodoloxías participativas na aula que se basearán, en moitos casos, en materiais docentes traballados de xeito autónomo por parte do alumnado.

O GID MDAP pretende traballar as dinámicas de participación do alumnado no proceso formativo a través da investigación sobre a creación e uso de contidos didácticos en medios dixitais (audio, vídeo, web, redes sociais, PLE etc.) tanto para a aprendizaxe autónoma como para o seu uso instrumental na aula no contexto da aprendizaxe participativa.

O equipo formado procede do ámbito das Ciencias da Comunicación polo que a creación de contidos en sentido amplo está dentro das súas competencias profesionais básicas e o uso das «novas» tecnoloxías da comunicación forma parte da súa actividade investigadora habitual. A posibilidade de creación dun GID neste ámbito suporía un estímulo e a construción dun espazo de reflexión e experimentación sobre a aplicación didáctica destas capacidades que as persoas que integran o equipo xa comezan a implantar na súa docencia de xeito illado.

## Obxectivos

---

Os membros do equipo de traballo levan algún tempo poñendo en práctica nas súas clases estratexias de innovación docente relacionadas coa aprendizaxe participativa, a aprendizaxe baseada en proxectos ou a flipped learning, ademais de experimentar coa creación de material docente en formatos dixitais que proporcione ao alumnado unha experiencia de aprendizaxe máis rica que os formatos convencionais. Estas actividades responden ao interese persoal do persoal docente integrante do equipo, pero cabe melloralas a través da reflexión conxunta e da avaliación dos resultados obtidos cun enfoque científico. Deste xeito poderíanse identificar as mellores prácticas de aprendizaxe participativa e o tipo de contidos e formatos dixitais con mellor acollida e utilidade formativa para o alumnado, tanto na práctica desenvolvida polos membros coma na investigación sobre as experiencias e materiais docentes desenvolvidos a nivel internacional. Así pois, os obxectivos concretos do GID poderían sintetizarse en:

- Identificar, desenvolver e implantar metodoloxías concretas de aprendizaxe participativa que demostren ser especialmente efectivas na formación do alumnado.
- Desenvolver contidos didácticos innovadores en soportes dixitais que fagan a experiencia formativa máis rica para o alumnado e favorezan a súa implicación na aprendizaxe.
- Identificar e experimentar con ferramentas de creación de contidos dixitais e participativos que poidan ser susceptibles de uso polo conxunto do profesorado universitario de xeito sinxelo e alcanzable.
- Poñer a disposición da comunidade universitaria o coñecemento adquirido en metodoloxías, elaboración de contidos e ferramentas para a mellora da actividade docente.

## Plan de traballo

---

Tendo en conta o momento do calendario académico no que nos atopamos o plan de traballo fórmulase con tres horizontes: un inmediato exploratorio desde o momento da constitución do grupo ata finais do curso 2015/16, un a medio prazo de desenvolvemento ata finais de 2016 e un a longo prazo que se irá concretando unha vez que se poña en marcha o grupo.

Horizonte inmediato (2015/16):

- Posta en común e análise das diferentes prácticas de aprendizaxe participativa desenvolvidas no contexto inmediato do grupo (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, 100 docentes aproximadamente de ámbitos diversos das CC.SS.), con especial fincapé nos resultados obtidos.
- Posta en común e análise dos recursos dixitais desenvolvidos e/ou empregados no conxunto inmediato do grupo (Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, 100 docentes aproximadamente de ámbitos diversos das CC.SS.), con especial fincapé nos resultados obtidos.

Horizonte 2016:

- Recompilación, análise e avaliación de boas prácticas en aprendizaxe participativa, recursos dixitais formativos e ferramentas de creación de contidos didácticos no contexto internacional.

- Aplicación de metodoloxías e ferramentas, avaliación e divulgación de resultados a través das vías que se estimen máis convenientes: blog, redes sociais, congresos, artigos etc.

Longo prazo:

- Elaboración dunha guía metodoloxía de prácticas de aprendizaxe participativa.
- Elaboración dunha guía de recursos para a creación de contidos docentes en soportes dixitais.
- Elaboración de ferramentas de software propias adaptadas aos obxectivos do grupo.
- Experimentación e divulgación permanentes de novidades nestes eidos.